

SESIÓN SEMANAL DE EDUCACIÓN MUSICAL PARA 3º CICLO 20-24 de Abril

Ola rapaces/zas de novo! Agardo que vos atopedes tod@s moi ben. Antes de nada, darvos as grazas por esa contestación musical. Aínda que non saíades tod@s no vídeo, sei da intención da participación pola vosa parte. QUÉROTE MÁIS! Tamén a ese fermoso vídeo de 6ºB que sacoume moitas bágoas.

Aquí déixovos a proposta de actividades musicais para esta semana, pero non vos esquezades que o máis importante é intentar pasar esta situación de confinamento o mellor posible, que sintades que estamos con vós aínda dende a distancia e que estades sendo uns súper campións. Moita forza e ánimo para afrontar o que queda, que xa é menos.

1ª_ Para comenazar, imos mover o corpiño. Aprende esta serie de percusión corporal, de maneira que, nos sirva como acompañamento rítmico para a canción do momento: **Resistiré**.

Déixosche o seguinte enlace como vídeo explicativo: <https://youtu.be/lri3C8tSv0U>

2ª_ Seguimos con ritmo e expresión corporal. Precisamos para a seguinte actividade un par de baquetas, ou paos, ou culleres, ou calquer outro obxecto que che permita golpear entre eles. Esta actividade, consiste en ir reproducindo os movementos e os ritmos cos teus utensilios, mentras soa unha base rítmica con timbais e agogó. Atrévete e divértete.

Enlace para o exercicio: <https://youtu.be/qti8j5xKqSQ>

3ª_ Agora, sentados, continuamos con esta canción instrumental. Intenta marcar o ritmo repetindo a serie de folios de cores. Concéntrate e disfruta: <https://youtu.be/a0nxpiQyBQ8>

4ª_ Abre ben os oídos porque imos facer agora unha audición activa: **Back in black.(AC/DC)**

Precisamos de catro obxectos que teñas pola casa e as túas palmas. Relaciona cada obxecto que escolliches cun instrumento dos que saen no vídeo. Agora, soamente tes que seguir o musicograma e tocar seguindo os debuxos. Atrévete a variar e improvisar ritmos.

Enlace para música e musicograma: https://youtu.be/grn_hRMUXtl

5ª_ Continuamos con repaso da práctica instrumental. Lembra a colocación dos dedos na frauta, a duración das figuras e a colocación das notas no pentagrama. Para todo isto déixovos os seguintes enlaces de repaso do mencionado:

<https://youtu.be/HvFYzNwtnE4> (notas no pentagrama e na frauta)

<https://youtu.be/qUXtXw3Dn7Q> (explicación posición dedos na frauta)

<https://youtu.be/aWAEaBDSjOs> (explicación da duración da negra, branca e redonda)

<https://youtu.be/7ek0pwZyCMA> (explicación da duración da corchea)

Pezas musicais que podedes tocar e interpretar coa frauta:

In dreams .El señor de los anillos <https://youtu.be/iZb6DwfqQhI>

La la land. City of stars https://youtu.be/96_bJ_ZsXbs

Dance Monkey <https://youtu.be/iuSgpg4EXJk> (fíxate que hai MI agudo, segue o tutorial)

Se non che saen, non pasa nada, intenta ir pouco a pouco, tocar só as notas ou a parte que non teñas problema e sobre todo, pasalo ben coa música.

6ª_ Para rematar, déixovos unha canción para que a bailedes, cantedes, acompañedes pero sobre todo, para que a disfrutedes: Don't Worry, Be Happy!! https://youtu.be/7hGtKE3mG_g

TODO SAIRÁ BEN. BICAZOS A TOD@S.

NOTA: A maneira de levar a cabo esta proposta de actividades é a de realizar unha ou dúas, como moito, por día. Por suposto, podeades repetilas, afianzalas, ir progresivamente realizándoas seguidas ou alternas pero repito, sobre todo, DISFRUTANDO DA E COA MÚSICA!